

LE O SEGUINTE TEXTO

Unha mañanciña de primavera, atopáronse o merlo e mais a formiga. O merlo cantaba a todo cantar entre as pólas dunha pereira burlándose da formiga, que, toda atarefada, levaba ao lombo unha pesada casca de trigo ata o formigueiro.

—Para que traballa tanto, señora formiga? Non ve que o mundo está cheo de froitas? É de parvos traballar agora, cando vai chegar o verán. Deseguida teremos cereixas, cirolas e grans. Faga coma min, muller, encha a barriga e cante e baile. Celebre a vida, que hai que divertirse.

A formiga fixo como que non oía e marchou pensando para si:

*Viva Deus
e cante o merlo,
que detrás do verán
vén o inverno.*

Xosé Miranda e Antonio Reigosa: *Máis contos de animais II*, Edicións Xerais

1- Atopa no texto os substantivos individuais que corresponden a estes substantivos colectivos.

formigueiro trigal

2- Relaciona cada substantivo colectivo co substantivo individual correspondente.

persoa	serra
montaña	xente
árbore	biblioteca
libro	bosque

3.- Localiza no texto 6 nomes comúns e escribe unha oración con cada un:

4.- Atopa No texto substantivos que correspondan aos seguintes tipos.

- .. Subst. masculino singular
- .. Subst. feminino singular
- .. Subst. masculino plural
- .. Subst. feminino plural

5.- Analiza os seguintes substantivos: tipo, xénero e número:

Xurxo

León

Mesas

Exército

Xogadora

Bibliotecarios

6 - Subliña as palabras que son agudas:

Situación abrigo escribir amabilidade
camión fábrica planta cangués

7. Completa estas palabras graves coa vogal que falta. Non esquezas colocar o acento gráfico cando sexa necesario.

Lap_ s l_ der dit_ do r_ ptil ch_ ndal _ lbum

8.- Localiza no texto palabras coas seguintes características.

- Unha palabras agudas sen til
- Dúas palabras graves sen til
- Unha palabra aguda con til
- Unha palabra grave con til